

EDGAR WALLACE

Angel Esquire

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Capítulo I

A casa da rúa Lombard

O señor William Spedding, da notaría de Spedding, Mortimer e Larach, adquiriu o terreo conforme ao proceder habitual. A propiedade fora posta á venda tras a morte dunha vella señora (a cal nada ten que ver con este relato), residente no distrito de Market Harborough, en Leicestershire, e a poxa efectuárase dun xeito completamente normal.

O señor William Spedding adquiriu a casa por 106.000 libras esterlinas, suma o suficientemente elevada para suscitar o interese de todos os xornais da tarde e un gran número dos da mañá.

A fin de ser todo o meticuloso que o caso require, engadirei que os planos para a erección dun novo edificio naquel lugar foron presentados perante a oficina investigadora da *City* londiniense. O arquitecto que os examinou amosouse unha miga sorprendido pola disposición interior do novo edificio, mais como se cinguía a todos os regulamentos que rexían a construción de casas na *City*, e posto que ningunha falta podía atoparse nin no seu aspecto exterior (a súa fachada fora feita con tanta destreza artística que un podía pasar unha ducia de veces nun mesmo día por diante dela sen observar nada extraordinario) nin no seu sistema de entrada de aire e luz, o home encolleu os ombreiros e sen máis deu o seu visto e praxe.

—O que non comprendo, señor Spedding —dixo mentres apoiaba un dedo sobre o plano—, é de que maneira o seu cliente pensa preservar a debida seguridade. Hai un vestíbulo e a continuación un grande espazo, pero onde están as oficinas privadas? Que significa esa enorme caixa forte no medio do lugar? Onde sentarán os empregados? Porque digo eu que empregados algúns si terá, ou? Dígolle que non van ter un minuto de paz!

O señor Spedding sorriu condescendente.

—Terán a paz que sexa precisa.

—E os rochos? Coido que para algo así fan falla uns bos rochos.

O arquitecto bateu cun dedo nun ángulo da folla onde puña: «Plano para a erección dunha nova caixa forte de seguridade».

—Velaí a caixa forte —replicou o señor Spedding, ri-seiro.

Este William Spedding, que lamentablemente non se atopa xa entre nós —por mor do seu súbito deceso, que máis tarde explicarei—, era un home alto, de constitución delgada e maneiras suaves. Fumaba sempre cigarros dos mellores, e era de sorriso agradecido, diríase un tipo satisfeito coa vida.

Para afondar nos detalles, se cadra innecesarios, engadirei que a montaxe da nova caixa forte en todo o seu conxunto foi adxudicada a Potham e Holloway, compañía que presentou, como é ben sabido, as máis vantaxosas condicións de construción.

—O meu cliente desexa que o traballo estea realizado con grande esmero —declarou o señor Spedding, fitando o representante do construtor—. Desexa un edificio capaz de resistir os impactos máis severos. Algo que non se resinta por unha lixeira explosión de dinamita.

O representante asentiu cun movemento de cabeza.

